

**INFORME CLIMATOLÓGICO  
MES DE FEBREIRO DE 2018**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN .....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES .....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA .....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....	7
5	TEMPERATURA .....	11
5.1.	Temperatura media das máximas. ....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas. ....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010. ....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2018. ....	17
6	PRECIPITACIÓN .....	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual febreiro 2018. ....	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....	19
6.3.	Días de chuvia en febreiro de 2018 .....	20
6.4.	Evolución da precipitación en febreiro de 2018 .....	22
7	VENTO .....	23
8	RADIACIÓN SOLAR .....	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual .....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal. ....	28
9	RAIOS .....	29

**Anexo: Resumo mensual**

**Data edición: 19/03/2018**



**Mes moi frío, con contrastes na distribución da precipitación e neve en cotas baixas.**

## 1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

## **2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES**

O mes de febreiro quedou dividido en dúas metades diferentes, posto que nas dúas primeiras semanas predominou a inestabilidade atmosférica, mentres que na segunda parte do mes as altas presións foron as protagonistas, con excepción das dúas últimas xornadas.

Así, os primeiros 7 días estiveron caracterizados por situacións de inestabilidade, pero con ventos predominantes de compoñente norte que deixaban precipitacións, aínda que non moi cuantiosas e máis concentradas na metade norte. Estas precipitacións foron en forma de neve principalmente nas zonas de montaña, onde houbo avisos por espesores significativos. Ademais a combinación de anticiclón no Atlántico e baixas ao norte de Galicia deixaba un corredor de isóbaras que ocasionaba mar combinado con ondas moi elevadas.

Os días 8 e 9 foron de transición, co anticiclón entrando timidamente en forma de cuña dende Azores e os ventos cambiando a compoñente oeste. Esas altas presións non foron quen de impedir a chegada dunha fronte dende o Atlántico, polo que tamén nestas xornadas rexistráronse precipitacións.

Durante os días 10 e 11 as altas presións afastáronse de Galicia, polo que a inestabilidade foi en aumento, de xeito que experimentamos días xornadas de ceos grises e chuvias, con temperatura propia da época do ano.

No período entre o 12 e o 16 tivemos a visita de borrascas moi profundas, que deixaron un período de 5 días con ventos e chuvias moi intensos, con situacións de temporal en moitos puntos tanto do litoral como do interior. Destacou o día 13 como o máis intenso pola combinación de vento, chuvia, neve e ondas.

Logo desta cadea de borrascas as altas presións entraban de novo en Galicia o día 17 e mantivéronse durante 10 xornadas, ata o día 26. Deixaron en xeral tempo seco, moi soleado, pero con contrastes de temperatura moi fortes entre as mínimas e as máximas. As madrugadas foron moi frías, con termómetros baixo cero no interior da Comunidade, destacando o frío do período entre o 23 e o 27 con valores de temperatura que na madrugada do 24 caían por debaixo dos  $-9^{\circ}\text{C}$  en puntos do sur de Ourense. Sen embargo as máximas foron marcando valores máis altos segundo avanzaba o período anticiclónico e nas tardes do 25 e 26 mesmo superáronse os  $20^{\circ}\text{C}$  nalgúns puntos da Comunidade.

O día 27 o anticiclón foi desaparecendo vítima de dúas influencias diferentes. Por un lado unha borrasca localizábase no entorno dos Azores cunha fronte que chegaba a Galicia

dende o sur. Esta borrasca foi nomeada como Enma polo servizo meteorolóxico portugués posto que deixaba fortes ventadas. Pero por outro lado durante os días anteriores o anticiclón que afectaba a Galicia xunto cunha borrasca localizada no Mediterráneo occidental foran achegando unha masa de aire polar continental que chegou a Galicia na tarde-noite desa xornada 27. A colisión destas dúas influencias deixou unhas últimas horas do 27 e durante a xornada do 28 nevaradas a nivel do mar no litoral norte, posto que a borrasca Enma aportaba a inestabilidade e a masa de aire frío facía que a neve puidese callaba en cotas moi baixas.

### **3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

Nos mapas de anomalías de presión tanto en superficie (Figura 1) como en altura (Figura 2) pódese observar unha forte anomalía negativa situada no Mediterráneo e que afectou á nosa Comunidade con ventos de compoñente Norte-Nordés, achegando unha gran cantidade de aire polar continental, responsable dos numerosos días de neve en cotas baixas que sufriu Galicia. Estas entradas de aire frío víronse reforzadas pola forte anomalía positiva ao norte de Europa que se aprecia especialmente no mapa de anomalías de superficie.

### Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Febreiro-2018.

### Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Febreiro-2018.

#### **4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



## A CORUÑA

	FEBREIRO 2018 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.6/9.4	11.0	14.1 (2006)	5.8 (1956)
Tª mínima media	7.0/6.6	8	10.8 (1990)	2.7 (1956)
Tª mínima absoluta	2.4/1.3 (día 28)	-3.0 (22/02/1948)		
Tª mínima máis alta	13.1/12.6 (día 14)	15.8 (16/02/1958)		
Tª máxima media	12.3/12.1	14.0	17.9 (2008)	9.0 (1956)
Tª máxima absoluta	16.7/16.8 (día 15)	27.4 (28/02/1960)		
Tª máxima máis baixa	7.6/6.9 (día 28)	2.6 (11/02/1956)		
Precipitación acumulada	104	70-98	250 (1979)	10 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	15	12	25 (1963)	3 (1993)

*Comentario:* Mes moi frío en xeral para todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada é lixeiramente superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, superior ao valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2018 Temperatura: 1948-2018

## SANTIAGO

	FEBREIRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	<b>7.4</b>	9.4	11.8 (1998)	7.6 (2015)
Tª mínima media	3.6	5.3	9.0 (1990)	2.8 (2006)
Tª mínima absoluta	-0.4 (día 8)	-2.7 (16/02/1983)		
Tª mínima máis alta	12.2 (día 15)	13.8 (03/02/2004)		
Tª máxima media	11.2	13.5	17.6 (1998)	10.7 (2015)
Tª máxima absoluta	17.5 (día 25)	23.0 (27/02/2009)		
Tª máxima máis baixa	6.2 (día 7)	3.6 (04/02/1994)		
Precipitación acumulada	169	148-188	405 (2010)	6 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	16	13	27 (2014)	3 (2004)

*Comentario:* O mes resultou moi frío tendo en conta as temperaturas mínimas e máximas, mentres que para as medias, este mes se acadou o valor mínimo histórico da serie, resultando extremadamente frío para esta variable.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais, mentres que o número de días de chuvia é moito maior que o valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2018. Temperatura: 1982-2018





## LUGO

	FEBREIRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	5.5	7.2	10.1 (1990)	3.5 (1981)
Tª mínima media	1.1	2.5	6.2 (1990)	-1.4 (1981)
Tª mínima absoluta	-3.8 (día 24)	-9.0 (17/02/1983)		
Tª mínima máis alta	11.8 (día 15)	15.0 (28/02/1987)		
Tª máxima media	10.0	11.9	16.2 (2008)	8.0 (1981)
Tª máxima absoluta	17.7 (día 25)	23.7 (27/02/1997)		
Tª máxima máis baixa	3.6 (día 28)	1.4 (20/02/1996)		
Precipitación acumulada	135	61-88	217 (2014)	16 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	16	10	19 (2015)	3 (1988)

*Comentario:* Mes moi frío tendo en conta todas as temperaturas.

A chuvia rexistrada está moi por encima do valor climático agardado, considerándose o mes moi húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi superior ao valor climático agardado para esta variable.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2018. Temperatura: 1981-2018

## PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	FEBREIRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.1	10.1	12.8 (2008)	8.2 (1969)
Tª mínima media	4.4	5.1	9.9 (1966)	2.1 (2005)
Tª mínima absoluta	0.4 (día 8)	-5.9 (12/02/2012)		
Tª mínima máis alta	13.4 (día 15)	14.5 (15/02/1995)		
Tª máxima media	13.8	15.2	18.9 (1998)	12.1 (1986)
Tª máxima absoluta	20.7 (día 26)	24.8 (25/02/2000)		
Tª máxima máis baixa	9.7 (día 3)	5.0 (18/02/1981)		
Precipitación acumulada	136	121-170	526 (1979)	4 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	12	12	26 (2014)	2 (2012)

*Comentario:* Mes frío tendo en conta todas as temperaturas.

En canto á precipitación acumulada neste mes e o número de días de chuvia, tamén están dentro da normalidade para cada unha destas variables, respectivamente.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2016. Temperatura: 1958-2018



**OURENSE**

	FEBREIRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	7.3	9.3	12.4 (1990)	6.9 (2005)
Tª mínima media	1.6	3.3	8.0 (1990)	-0.6 (2012)
Tª mínima absoluta	-4.1 (día 24)	-5.9 (12/02/2012)		
Tª mínima máis alta	11.7 (día 15)	14.4 (11/02/2007)		
Tª máxima media	13.0	15.3	18.9 (1998)	12.1 (1986)
Tª máxima absoluta	19.8 (día 25)	24.8 (25/02/2000)		
Tª máxima máis baixa	6.5 (día 28)	5.0 (18/02/2000)		
Precipitación acumulada	65	54-68	245 (1979)	3 (2005)
Días de chuvia (≥1mm)	11	9	23 (2014)	1 (2012)

*Comentario: Mes moi frío en xeral tendo en conta todas as temperaturas.*

*A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable. Sen embargo, o número de días de chuvia é maior que o valor climático agardado.*

*\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2016. Temperatura: 1972-2018*

## 5 TEMPERATURA

As temperaturas desde mes estiveron por debaixo da media climatolóxica, debido ao predominio das situacións de compoñente norte ao principio do mes e a práctica ausencia de ventos de suroeste. O período anticiclónico rexistrado entre o 17 e o 26 matizou algo a anomalía negativa nas temperaturas máximas, pero fixo que fose máis acusada nas temperaturas mínimas.

### 5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de febreiro de 2018.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de febreiro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 9.6 °C. Os valores máis altos rexistráronse no Baixo Miño, con valores próximos aos 15. Por outra banda, os valores máis baixos déronse nas zonas de alta montaña en xeral, destacando Cabeza de Manzaneda e Pena Trevinca con máximas que están por debaixo dos 0 °C.

## 5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de febreiro para o territorio galego foi de 1.6 °C, onde nos lugares de Alta Montaña das provincias de Lugo e Ourense rexistraron valores que estiveron por debaixo dos -4 °C, mentres que os valores máis altos, principalmente en zonas moi localizadas do litoral (como os concellos de Vigo, Nigrán e Baiona, na península do Morrazo ou no norte de Ortigueira), con valores que non chegan aos 8 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de febreiro de 2018.

### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de febreiro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de  $-1.7\text{ }^{\circ}\text{C}$ . Neste mes, as anomalías máis baixas están por debaixo dos  $-2.5\text{ }^{\circ}\text{C}$  e déronse na alta montaña das provincias de Lugo e Ourense, pero tamén están por debaixo de  $0\text{ }^{\circ}\text{C}$  para os valores máis altos que se deron nalgúns localidades da comarca de Vigo, que estivo moi preto da normalidade.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ( $^{\circ}\text{C}$ ) de febreiro respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas da Comunidade déronse nas comarcas de Vigo e o Baixo Miño (Táboa 1) e as máis baixas, (Táboa 2), nas comarcas de Meira e Ourense.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Gondomar	Pontevedra	-0.4
Tui	Pontevedra	-0.5
Nigrán	Pontevedra	-0.6
Salceda de Caselas	Pontevedra	-0.6
Porriño (O)	Pontevedra	-0.6
Tomiño	Pontevedra	-0.7
Vilaboa	Pontevedra	-0.7
Carballo	A Coruña	-0.7
Bergondo	A Coruña	-0.7
Cedeira	A Coruña	-0.8

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de febreiro de 2018.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Esgos	Ourense	-2.5
Meira	Lugo	-2.5
Pol	Lugo	-2.4
Nogueira de Ramuín	Ourense	-2.3
Cervantes	Lugo	-2.3
Parada de Sil	Ourense	-2.3
Pastoriza (A)	Lugo	-2.2
Verea	Ourense	-2.2
Xunqueira de Espadanedo	Ourense	-2.2
Ribeira de Piquín	Lugo	-2.2

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de febreiro de 2018.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de febreiro de 2018 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada do 26 de febreiro foi a que rexistrou as temperaturas máximas máis altas, por debaixo en por enriba dos 1000m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
26/02/2018	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	25.1
26/02/2018	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	23.9
26/02/2018	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	22.7
26/02/2018	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	22.6
26/02/2018	Barrantes	RIBADUMIA	Pontevedra	21.9
26/02/2018	Areas	TUI	Pontevedra	21.8
26/02/2018	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	21.8
26/02/2018	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	21.7
26/02/2018	Torrequeintáns	MEIS	Pontevedra	21.6
26/02/2018	Cespón	BOIRO	A Coruña	21.5

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2018 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
26/02/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	17.1
26/02/2018	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	15.5
26/02/2018	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	15.0
26/02/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	14.6
26/02/2018	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	14.5
26/02/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	13.3
26/02/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	12.6
26/02/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	12.3
26/02/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	12.1
26/02/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	12.0

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2018 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de febreiro de 2018 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Destacou a xornada do día 6 a altitudes elevadas e a do 24 de xeito xeral na Comunidade.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
06/02/2018	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-10.4
06/02/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-10.2
06/02/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-9.7
06/02/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-8.3
06/02/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-7.5
08/02/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	-7.3
08/02/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-7.0
06/02/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-6.5
23/02/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-6.3
22/02/2018	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-6.0

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2018 altitude superior a 1000m.


Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
08/02/2018	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-9.3
24/02/2018	Baltar	BALTAR	Ourense	-9.2
24/02/2018	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-9.1
24/02/2018	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-7.3
08/02/2018	Baltar	BALTAR	Ourense	-7.1
24/02/2018	Lanzós	VILALBA	Lugo	-6.6
24/02/2018	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	-6.4
24/02/2018	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-6.0
24/02/2018	Morelle	SARRIA	Lugo	-5.9
08/02/2018	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-5.6

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2018 altitude inferior a 1000m.




### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2018.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018 para esta serie foi 7.2 °C.



**Figura 6:** Temperatura media ó longo do período 1961-2018 para febreiro.

A anomalía media da temperatura para este mes de febreiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -1.6 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi frío. Isto debeuse tanto ás temperaturas mínimas que presentaron unha anomalía de -1.2 °C (frío), mentres que as temperaturas máximas presentaron unha anomalía de -1.9 °C (moi frío). O mes de febreiro foi o máis frío nos últimos 12 anos.




**Figura 7:** Evolución da anomalía de temperatura media en febreiro, respecto ó período 1981-2010.

## 6 PRECIPITACIÓN

Considerando o conxunto de Galicia podemos dicir que foi un mes algo máis húmido que a media climatolóxica. Sen embargo isto ten matices dentro da Comunidade, posto que a anomalía foi moi forte en localidades de Lugo e A Coruña debido ao predominio de situacións de norte, algo máis matizada, aínda que visible en puntos de Pontevedra debido principalmente ao período de chuvia entre o 12 e o 16, pero rexistramos un déficit na meirande parte de Ourense posto que ningúns deses períodos aportou suficiente chuvia na área sur oriental da Comunidade.

A chuvia media no mes de febreiro obtida a partir dos valores do mapa (figura 8) foi de 154 L/m<sup>2</sup>, observándose unha gran diferenza na precipitación rexistrada na provincia de Ourense con respecto a do resto da Comunidade. Neste mes cabe destacar o elevado número de días con neve en cotas baixas. Os valores máis baixos de precipitación déronse nas comarcas de Valdeorras, Terra de Trives e o sur de Verín.


### 6.1. Precipitación acumulada mensual febreiro 2018



**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de febreiro de 2018.

## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de febreiro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 13 % superior ao período de referencia 1981-2010. Destaca a provincia de Lugo, e concretamente as comarcas dos Ancares e A Fonsagrada onde choveu ata tres veces o valor climático esperado, como as máis húmidas deste mes, mentres que na Comarca de Valdeorras, houbo localidades onde as chuvias rexistradas foron inferiores ao 60 % do normal.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de febreiro de 2018.

### 6.3. Días de chuva en febreiro de 2018

O número medio de días de chuva (maior ou igual a  $1 \text{ L/m}^2$ ) foi de 13.4. Os valores máis altos tiveron lugar no terzo norte da Comunidade, principalmente na provincia de Lugo, onde se acadaron ata os 18 días de chuva. Os valores máis baixos están no sur da Comunidade, destacando a provincia de Ourense na que se chegaron a rexistrar ata 5 días de chuva nalgunhas localidades.




Figura 10: Días de chuva superior a  $1 \text{ L/m}^2$  durante o mes de febreiro de 2018.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de febreiro. Pódese observar que as precipitacións acumuladas máis altas acadadas este mes superan os 250 L/m<sup>2</sup>, en moitas localidades. As estacións meteorolóxicas das provincias de Pontevedra e A Coruña rexistraron os valores máis altos, ao mesmo tempo que as xornadas do 15 e o 13 de febreiro os valores acumulados nas mesmas, estiveron moi cerca dos 60 L/m<sup>2</sup>.

Precipitacións acumuladas máximas en febreiro de 2018			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	355
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	336
Castrove	POIO	Pontevedra	323
Muralla	LOUSAME	A Coruña	298
Labrada	ABADÍN	Lugo	295
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	269
Cespón	BOIRO	A Coruña	262
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	252
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	252
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	247

**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2018.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Castrove	POIO	Pontevedra	93	15/02/2018 13:50
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	93	13/02/2018 08:10
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	84	15/02/2018 16:00
Muralla	LOUSAME	A Coruña	81	15/02/2018 19:30
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	65	13/02/2018 04:40
A Armenteira	MEIS	Pontevedra	63	15/02/2018 18:20
Cespón	BOIRO	A Coruña	62	15/02/2018 20:30
Rus	CARBALLO	A Coruña	61	15/02/2018 21:50
Caldas de Reis	CALDAS DE REIS	Pontevedra	58	15/02/2018 18:50
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	58	13/02/2018 05:50

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de febreiro de 2018.

## 6.4. Evolución da precipitación en febreiro de 2018

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018, para esta serie, foi 137 L/m<sup>2</sup>.




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2018 para febreiro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de febreiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 18 % por encima do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como lixeiramente húmido, tendo en conta a totalidade da Comunidade. Contrasta cos dous febreiros anteriores que foron moito máis húmidos.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en febreiro, respecto ó período 1981-2010.



## 7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Destaca a xornada do día 13 na que moitas estacións rexistraron fortes ventos. Pero tamén nas últimas xornadas do mes, rexistráronse refachos máximos de vento que en moitos puntos de Galicia superaron os 80 km/h.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en febreiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
13/02/2018	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	138.5
13/02/2018	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	128.7
13/02/2018	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	102.9

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de febreiro.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	96.2	NE	10		
		Día 21				
Pta. Candieira	Cedeira	128.7	NE	10		
		Día 13				
Malpica	Malpica	92.4	E	4		
		Día 13				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	78.2	NE	5		
		Día 14				

**Táboa 10:** Resumo do vento no mes de febreiro de 2018 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	98.0	E	6		
		Día 13				
Ancares	Cervantes	98.6	N	11		
		Día 6				

**Táboa 11:** Resumo vento no mes de febreiro de 2018 na provincia de Lugo





PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	82.5	NE	7		
		Día 13				
Rodicio	Maceda	83.5	NE	11		
		Día 5				
Gandarela	Celanova	62.5	NO	41		
		Día 13				

**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de febreiro de 2018 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	99.8	N	7		
		Día 5				



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	81.2	NE	4		
		Día 13				

**Táboa 14:** Resumo do vento no mes de febreiro de 2018 na provincia de Pontevedra.

## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de febreiro de 2018.

## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal





Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

## 9 RAIOS


A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de febreiro 205 raios. Todos estes raios foron detectados na primeira semana deste mes de febreiro (figura 15).



**Figura 15:** Número de raios por día detectados en Galicia en febreiro de 2018.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, a ocorrencia dos mesmos foi moi superior na provincia de Lugo, mentres que na provincia de Ourense non se detectou ningún.

**nº de raios detectados en febreiro de 2018 por provincias**



**Figura 16:** Número de raios detectados por provincia en Galicia en Febreiro de 2018.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en febreiro en Galicia dende o ano 2010 ao 2018. Nesta gráfica pódese observar que o mes de febreiro presentou un número de raios bastante menor dos que se detectaron dende o ano 2014 ao 2017.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en febreiro dende 2010 a 2018.

MeteoGalicia

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 2

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
<b>A Coruña</b>																									
A Gándara	6.3	9.37	16.0	25	3.6	-2.2	28	252	46.1	16	213	82	93	66	40	117	802	21	86	13	968	17	2		
Aldea Nova	6.9	10.48	16.8	25	4.2	0.2	28	211	49.8	16	175	85	96	69	35	104	750	9	87	8	984	20	0		
Arzúa	5.6	10.4	17.5	25	1.0	-3.8	8	186	45.8	13	149	86	99	65	44	129	880	7	49	1	973	17	14		
Camariñas	9.4	11.93	14.8	15	6.7	2.3	28	100	31.1	16	48	79	92	62	43	126	880	21	80	5	1017	17	0		
Cariño	9.6	11.65	16.8	15	7.1	3.1	25	142	34.4	16	96	79	91	66	30	88	705	20	96	13	1017	20	0		
Cespón	8.6	13.31	21.5	26	4.1	-0.3	8	261	56.4	16	216	82	96	59	50	148	925	8	55	5	1012	17	1		
CIS Ferrol	8.5	12.36	18.7	25	5.2	1.0	8	166	39.5	16	122	81	96	60	40	119	835	11	65	27	1014	17	0		
Corrubedo	9.5	13.31	20.1	26	6.3	2.6	8	116	34.7	16	62	73	89	56	46	136	924	11	71	13	1013	14	0		
Coruña-Bens	8.5	11.27	15.8	25	5.9	1.0	28	98	33.1	16	-	77	89	62	-	-	796	16	72	7	1001	17	0		
Coruña-Dique	9.3	11.99	16.8	14	6.5	2.4	8	110	33.2	16	-	75	89	57	-	-	-	19	86	4	1017	17	0		
Coruña-Torre de Hércul	9.6	12.29	16.7	15	7.0	2.4	28	104	32.3	16	-	72	84	55	-	-	-	-	-	-	-	16	0		
*Costa	7.7	12.41	19.3	26	3.8	-0.5	8	183	39.8	16	-	86	98	67	-	-	-	4	41	13	996	16	3		
*Coto Muiño	6.5	11.57	18.5	26	2.0	-4.0	24	222	44.2	16	-	89	99	67	-	-	-	3	52	13	-	17	9		
Fontecada	6.2	10.23	16.9	26	2.8	-0.9	28	252	55.5	16	211	81	91	63	41	121	833	12	71	13	974	17	3		
*Guísamo	7.9	11.85	18.3	25	4.7	1.0	8	167	42.6	16	-	74	85	55	-	-	-	4	35	5	996	18	0		
*Lesende	8.0	12.35	19.9	26	4.2	0.5	8	181	44.0	16	126	75	87	57	48	140	878	7	63	13	997	17	0		
Lira	8.8	11.54	20.2	26	6.2	1.7	28	128	43.2	16	75	77	90	62	48	140	893	23	96	21	-	16	0		
Mabegondo	7.1	12.17	18.7	25	2.2	-2.8	24	163	40.7	16	126	87	98	64	38	113	825	6	49	5	1006	17	9		
Malpica	8.5	11.3	15.6	15	6.1	1.1	28	114	31.8	16	68	82	94	67	41	122	841	25	92	13	998	17	0		
Marco da Curra	4.1	7.14	13.3	25	1.7	-3.3	28	165	27.4	13	134	87	96	71	37	109	773	18	78	14	941	19	11		
Melide	5.2	10.08	17.7	25	1.0	-3.5	8	171	46.5	13	135	84	95	65	41	120	820	7	51	21	961	17	13		
Muralla	5.1	8.1	15.5	26	2.3	-2.3	28	297	75.1	16	269	88	97	75	39	115	712	28	95	5	938	17	6		
*O Val	8.4	12.24	16.7	25	4.7	-0.2	24	124	34.2	16	-	79	92	62	-	-	-	5	51	28	1009	17	1		
Olas	5.7	9.73	16.5	25	2.2	-1.6	8	197	43.2	16	166	87	97	69	36	106	724	12	55	14	-	18	7		
*Ordes	6.2	11.03	17.0	25	1.5	-4.8	24	168	36.4	16	-	82	94	62	-	-	-	5	43	5	984	17	10		
*Paramos	6.2	10.15	16.1	25	2.7	-0.9	23	247	53.0	16	-	89	98	73	-	-	-	10	51	5	974	16	4		
*Pazo de Galegos	7.4	11.94	18.8	25	3.3	-2.5	8	143	38.2	13	103	86	98	68	45	132	878	5	59	28	990	16	3		
Punta Candieira	7.9	9.9	14.3	15	6.0	0.8	28	110	39.0	16	71	80	92	65	36	106	784	28	128	13	986	17	0		
Punta Langosteira	9.7	11.79	15.9	15	7.2	1.6	28	100	23.3	16	-	75	89	59	39	116	779	22	82	5	1015	15	0		
Río do Sol	5.3	8.71	15.3	25	2.6	-2.2	28	238	52.0	16	205	86	95	70	37	109	754	20	71	5	953	18	4		
*Rus	7.5	12.47	19.1	25	2.9	-3.6	27	211	59.0	16	-	87	99	65	-	-	-	4	48	5	1001	17	6		
Sálvora	9.8	12.57	18.4	26	7.5	3.6	28	106	35.0	16	49	77	90	62	52	152	986	19	75	13	-	16	0		
Santiago-EOAS	7.1	11.22	17.5	25	3.6	-0.4	8	169	52.6	16	127	82	95	63	46	136	890	8	59	14	987	16	1		
Santiago-San Lázaro	6.8	10.82	18.1	25	3.1	-1.5	24	143	46.2	16	101	81	92	63	45	133	871	11	75	28	980	16	-		
Sergude	7.0	11.78	19.0	25	2.9	-1.9	8	163	37.9	13	-	84	97	62	39	116	783	-	-	-	-	17	4		
Serra da Faladoira	4.6	7.9	14.9	25	2.1	-3.2	28	269	52.7	16	241	89	99	72	29	87	695	21	90	26	949	20	5		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.







Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 2

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Ourense</b>																											
A Mezquita	2.5	7.08	15.0	26	-1.3	-6.0	22	89	27.4	28	47	75	89	59	47	140	946	10	68	17	899	10	20				
*A Portela	5.8	11.86	19.7	26	0.8	-4.8	6	84	47.4	13	42	77	96	50	39	116	849	4	31	20	-	9	15				
*A Trabe	4.5	8.75	16.1	26	1.1	-3.0	8	38	23.4	28	-31	72	85	57	50	147	983	5	39	13	926	6	13				
Alto do Rodicio	2.8	6.07	14.0	26	-0.4	-4.7	8	121	44.6	13	91	87	95	75	42	123	863	18	83	5	903	16	18				
Amiudal	5.5	9.98	18.3	26	2.1	-1.5	8	172	56.4	28	129	78	92	61	45	133	915	10	72	13	952	14	6				
As Petarelas	4.6	10.72	20.0	26	-0.3	-4.9	6	99	56.6	13	-	76	93	53	44	128	926	-	-	-	-	11	20				
Baltar	3.2	8.3	15.2	26	-2.1	-9.2	24	57	18.2	28	20	82	96	61	39	115	878	9	63	13	923	14	23				
Cabeza de Manzaneda	-1.3	1.71	8.9	26	-4.3	-10.4	6	74	27.2	13	--	84	92	73	32	98	829	23	102	13	820	17	26				
*Calvos	2.7	7.64	16.4	26	-2.5	-9.3	8	81	20.9	28	42	86	99	66	36	109	837	10	61	5	-	15	23				
Casaio	1.6	4.84	12.0	26	-1.6	-6.0	8	47	14.3	13	-	76	90	58	-	-	-	6	59	14	-	12	21				
*Corzos	1.2	5.78	14.6	26	-3.0	-8.3	6	73	23.7	28	-	81	93	66	-	-	-	7	44	13	-	15	23				
Entrimo	5.0	9.95	19.1	26	1.0	-3.8	8	169	44.5	28	-	80	94	63	41	120	864	-	-	-	-	13	11				
*EVEGA Leiro	6.2	14.61	25.1	26	-0.1	-6.4	24	88	39.4	28	-	82	97	52	-	-	-	2	35	5	1004	13	17				
Gandarela	5.4	10.17	18.8	15	1.6	-2.4	27	62	19.7	13	20	82	94	64	40	120	881	7	62	13	944	13	7				
Lardeira	-1.0	2.89	12.3	26	-4.6	-9.7	6	41	9.6	28	--	86	96	74	36	106	784	23	92	13	834	11	25				
*Larouco	5.5	10.97	19.0	26	0.8	-3.6	8	58	22.8	13	-	70	86	50	-	-	-	3	27	9	955	10	15				
Laza	5.0	10.59	19.0	26	0.6	-4.9	24	59	16.6	28	15	76	93	54	49	143	936	6	53	13	-	12	14				
Monte Medo	4.9	9.46	18.6	26	0.9	-3.6	8	67	14.0	13	-	78	94	59	40	118	841	-	-	-	-	12	14				
O Invernadeiro	2.5	7.76	17.1	26	-1.7	-6.3	23	93	39.2	13	51	76	91	57	47	138	962	8	51	1	898	11	23				
Ourense	6.8	13.01	19.8	25	1.6	-4.1	24	65	19.4	13	-	76	92	49	-	-	-	-	-	-	-	14	11				
Ourense-Estacións	7.7	13.87	21.7	26	2.7	-2.7	24	62	19.4	13	19	75	93	49	41	122	833	3	40	5	1002	12	6				
*Pazo de Fontefiz	6.1	10.53	16.8	25	2.0	-1.9	12	82	23.5	13	21	76	89	58	43	128	825	6	49	5	968	14	8				
*Ponte Boga	5.7	10.59	17.3	25	1.6	-2.4	24	61	17.4	13	18	72	85	54	36	107	825	4	41	13	962	13	11				
*Prado	6.9	13.67	21.8	26	1.6	-4.0	24	92	30.9	28	-	79	94	54	-	-	-	4	31	20	1002	11	11				
Remuíño	6.5	14.35	22.6	26	0.8	-5.0	24	92	25.8	28	53	83	97	54	35	103	813	3	62	1	-	14	13				
*Riós	4.1	9.64	17.9	26	-0.5	-4.6	8	46	19.5	28	0	75	92	55	50	146	1012	4	33	13	-	8	19				
San Xoán de Río	2.3	6.37	15.5	26	-1.3	-5.3	6	98	36.7	13	62	85	97	70	44	129	890	13	60	13	898	14	21				
Serra do Eixe	1.4	5.09	12.6	26	-2.2	-6.5	6	84	38.1	13	50	84	96	68	44	131	900	12	60	13	876	11	21				
Verín-Vilamaior	5.4	10.87	18.2	26	1.0	-4.3	24	53	26.0	28	6	73	89	53	48	142	950	7	50	1	953	8	14				
Verín-Vilela	4.7	12.1	19.7	26	-1.8	-9.1	24	47	31.1	28	4	79	96	52	50	147	964	5	49	1	-	7	21				
Viana do Bolo	3.4	8.3	17.1	26	-0.8	-5.6	8	61	26.8	28	-4	79	93	60	41	121	860	9	53	1	918	12	21				
Xares	-1.4	1.86	10.1	26	-4.5	-10.1	6	83	21.8	28	--	81	92	69	38	113	865	15	77	11	820	15	27				
Xinzo	4.6	10.33	17.1	26	-0.5	-7.3	24	48	23.3	28	7	83	98	62	44	129	931	7	49	5	--	9	18				
Xurés	3.0	6.46	14.5	26	-0.3	-5.7	6	103	27.0	13	65	82	92	68	35	104	821	17	82	13	895	17	16				

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 2

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
<b>Pontevedra</b>																												
*A Armenteira	7.0	11.61	20.0	26	2.9	-1.8	8	217	54.2	16	173	79	86	64	44	128	864	6	55	14	-	-	-	-	14	2		
A Granxa	7.5	14.03	21.4	26	1.5	-3.2	24	126	31.2	28	84	80	98	53	46	137	892	3	47	1	1013	-	-	-	13	13		
A Lanzada	8.7	12.93	20.6	26	4.6	0.2	8	105	26.8	16	56	81	94	62	51	150	932	16	71	13	-	-	-	-	15	0		
*Areas	8.5	14.54	21.8	26	3.9	-0.9	8	157	41.2	15	-	78	94	55	-	-	-	1	27	5	-	-	-	-	11	3		
*Areiro	8.7	13.12	20.1	26	4.7	0.9	8	124	34.3	28	-	76	89	58	-	-	-	4	40	14	1007	-	-	-	14	0		
*As Eiras	8.7	13.8	20.0	26	4.3	0.3	12	110	26.0	15	66	77	93	55	39	116	832	4	52	5	1011	-	-	-	13	0		
*Barrantes	7.8	12.77	21.9	26	3.1	-2.2	8	156	40.2	16	116	83	96	62	45	132	815	4	48	5	-	-	-	-	15	6		
Cabo Udra	9.4	12.69	18.8	26	6.6	3.5	8	99	26.9	28	48	79	92	62	48	141	925	17	74	13	-	-	-	-	15	0		
Caldas de Reis	7.3	11.54	18.8	26	3.7	-0.9	8	201	48.0	16	158	81	95	62	44	128	869	9	63	5	985	-	-	-	16	2		
*Camanzo	7.0	12.01	19.0	25	2.5	-3.1	8	126	37.5	13	86	83	95	63	40	117	831	5	50	13	993	-	-	-	14	7		
Cangas-Porto	9.8	12.96	19.1	26	6.7	3.5	8	106	37.1	28	-	72	86	55	-	-	-	10	61	13	-	-	-	-	15	0		
Castro Vicaludo	7.1	10.09	16.9	26	4.2	0.9	8	137	28.6	28	89	77	89	63	48	140	925	20	82	13	960	-	-	-	14	0		
Castrove	6.8	10.26	19.1	26	4.0	0.7	6	322	71.0	16	281	80	94	66	36	102	772	14	75	5	966	-	-	-	16	0		
*Cequelifios	7.6	12.6	21.0	26	3.2	-1.9	24	98	28.0	13	48	76	93	53	43	127	883	10	59	13	-	-	-	-	12	4		
Corón	9.3	12.42	18.4	26	6.2	1.6	8	122	43.6	16	66	76	89	58	51	150	957	18	76	13	1016	-	-	-	16	0		
*Entenza	8.1	13.74	20.9	26	3.3	-1.2	8	112	28.2	14	69	79	96	55	40	119	850	2	47	5	-	-	-	-	12	3		
Fornelos de Montes	5.6	9.03	17.3	26	2.8	-1.3	8	354	78.0	15	310	77	90	63	46	135	830	21	99	5	934	-	-	-	16	5		
Illas Cíes	10.0	13.04	18.0	26	7.6	4.3	8	84	21.4	28	30	76	91	60	52	154	984	11	70	13	-	-	-	-	15	0		
Lalín	5.0	9.2	16.5	26	1.2	-3.1	8	118	31.2	28	-	82	96	64	-	-	-	9	68	1	-	-	-	-	16	11		
*Louredo	7.3	11.91	19.1	26	3.7	0.0	8	138	35.2	28	-	83	95	64	-	-	-	3	33	5	988	-	-	-	13	1		
Lourizán	8.7	13.75	20.7	26	4.4	0.4	8	136	29.1	13	95	84	97	62	42	125	871	2	44	13	1011	-	-	-	16	0		
Lourizán	8.7	13.75	20.7	26	4.4	0.4	8	136	29.1	13	95	84	97	62	42	125	871	2	44	13	1011	-	-	-	16	0		
*Meder	8.2	13.48	20.6	26	3.7	-0.2	24	102	21.3	14	-	72	87	50	-	-	-	2	25	14	999	-	-	-	14	2		
Monte Aloia	6.6	11.05	18.8	26	3.2	0.0	8	209	51.8	14	167	80	94	64	38	110	846	8	62	14	960	-	-	-	14	0		
Mouriscade	4.8	10.17	18.6	26	-0.4	-6.0	24	115	29.8	28	78	84	92	73	39	116	838	6	49	13	958	-	-	-	16	19		
O Viso	7.8	13.36	22.7	26	3.9	0.5	8	199	56.2	13	152	76	91	56	40	119	834	10	72	13	985	-	-	-	16	0		
Ons	8.9	12.22	17.9	26	5.5	1.5	8	101	22.4	16	--	--	--	--	53	155	1020	21	81	13	1003	-	-	-	14	0		
*Pé Redondo	8.6	12.81	21.0	26	5.1	1.6	8	189	46.8	16	151	82	94	64	40	117	751	4	46	13	-	-	-	-	14	0		
Pereira	4.4	8.22	16.7	26	1.1	-2.5	6	239	48.4	14	-	87	97	73	43	127	890	-	-	-	933	-	-	-	18	12		
*Ponte Caldelas	7.3	11.15	20.2	26	3.4	-1.0	8	244	54.7	13	194	73	86	58	46	134	840	9	58	5	974	-	-	-	16	2		
Pontevedra-Campolongo	9.2	15.17	23.9	26	4.3	-0.3	8	162	40.5	13	-	76	93	52	-	-	-	3	50	13	-	-	-	-	15	1		
Porto de Vigo	10.6	13.54	18.7	26	7.8	5.0	8	107	43.4	28	50	73	88	58	48	142	924	14	67	5	1015	-	-	-	14	0		
Queimadelos	7.4	11.78	21.1	26	4.0	-0.6	8	174	39.8	15	--	--	--	--	--	--	--	--	--	1	--	--	--	--	16	1		
Rebordelo	6.3	11.51	21.1	26	1.3	-4.3	24	227	60.9	13	--	83	96	62	48	140	869	-	-	-	975	-	-	-	16	13		
Sanxenxo	9.3	13.53	20.2	26	5.5	1.7	8	120	27.8	16	75	74	90	55	47	139	874	4	57	13	1013	-	-	-	15	0		
Serra do Faro	2.7	5.8	13.4	26	0.0	-3.6	6	129	31.9	13	96	83	93	71	38	112	777	22	75	5	901	-	-	-	16	16		
*Simes	8.4	13.28	21.4	26	3.9	-0.5	8	134	36.5	16	--	81	94	61	49	143	938	--	--	-	-	-	-	-	14	1		
*Soutomaior	8.3	13.08	21.0	26	4.7	1.1	8	177	47.3	13	-	70	82	52	-	-	-	10	47	13	997	-	-	-	15	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 2

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C	T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
*Torrequeintáns	8.5	13.42	21.6	26	4.2	-0.8	8	147	34.6	16	99	73	86	54	46	135	865	5	51	13	1009	15	1
*Tremoedo	8.4	12.54	20.8	26	4.2	-0.9	8	141	39.1	16	-	78	93	58	-	-	-	5	50	5	1009	15	1
Vigo	9.4	13.76	20.6	26	5.7	1.9	8	99	37.8	28	-	73	89	54	-	-	-	-	-	-	-	14	0
Vigo-Campus	7.3	10.48	17.7	26	4.8	0.9	6	151	31.2	13	101	74	90	57	49	143	927	8	62	13	962	14	0
Xesteiras	4.6	7.58	14.3	26	1.9	-1.8	27	335	79.6	14	-	86	96	73	-	-	-	28	98	5	-	19	9

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.